

coñece a minaría de Galicia



EDUCACIÓN
PRIMARIA



Minaría Sostible
de Galicia

QUE É a MINARÍA



A minaría é o proceso de extracción e transformación dos recursos xeolóxicos. Estes minerais son as materias primas que utilizamos na **INDUSTRIA**, a **XERACIÓN DE ENERXÍA** e a **CONSTRUCCIÓN**.



A minaría forma parte da identidade galega: Galicia é pedra e auga.



O CICLO MINEIRO



Os recursos xeolóxicos son recursos naturais que se extraen directamente da terra. Cando un recurso xeolóxico é moi abundante nunha zona determinada, falamos dun xacemento.

A minaría é unha das actividades máis antigas da humanidade, e encárgase de investigar e poñer a disposición da sociedade os recursos xeolóxicos.

O CICLO MINEIRO TEN TRES FASES:



Fase de investigación

Identificamos e avaliamos o recurso mineiro, e tamén a viabilidade técnica e económica do seu aproveitamento.



Fase de aproveitamento

Pon en valor os recursos xeolóxicos, extráeos da terra e transfórmaos en materias primas para que poidan ser utilizadas na construción, xeneración de enerxía ou na industria.



Fase de restauración

É o momento de rehabilitación do espazo natural afectado pola explotación. Os responsables da explotación teñen a obriga de dar ao terreo un valor igual ou superior ao que tiña.

COMO SE EXTRAEN OS MINERAIS



Os minerais acumúlanse na terra de diferentes maneiras, e por iso para extraelos utilizamos métodos diferentes:

Ás veces, os minerais atópanse no interior da terra, en xacementos profundos, e extráense de minas subterráneas a través de pozos e galerías. As galerías horizontais permiten acceder ao mineral, os pozos verticais permiten o acceso dos mineiros ata as galerías.

Outras veces, os minerais están en xacementos próximos á superficie e extráense de minas ao descuberto. Rómpeuse a rocha superficial con explosivos ou con medios

mecánicos como serras ou excavadoras, e lévase ata as plantas de tratamento para extraer ou transformar o mineral e utilizalo.



EN GALICIA, a maioría das minas son ao descuberto:

obtemos áridos, arxila, granito lousa, minerais para a industria,... Tamén obtemos auga, mineral para embotellar e medicinal e termal, que é a que gozamos nos balnearios.



Áridos



Granito ornamental



Lousa ornamental



Cerámica



Auga mineral



Rochas industriais



Minerais metálicos



Produtos enerxéticos



Para o transporte do material utilízanse camións enormes.



POR QUE É importante a MINARÍA?



A minaría é importante Para a xente:

Os minerais son imprescindibles para nós, con eles fabricamos a maioría dos produtos que usamos a diario, e sen eles, a nosa vida sería moi diferente.

A minaría é un sector clave para Galicia,

tan importante como a industria naval ou forestal por exemplo, e forma parte do noso patrimonio social e cultural: crea riqueza e emprego en zonas rurais e é compatible coa actividade agrícola e gandeira xa que ocupa espazos diferentes.

A minaría é importante Para a nosa economía:


Sabías que Galicia representa o 8,4% da produción mineira de España? Temos 287 explotacións e máis de 4.500 persoas traballan directamente no sector.

A minaría é importante Para o medio rural:

a Galicia rural está cada vez mais despoboadada, como as explotacións mineiras están en contornos rurais, evitan o despoboamento destas zonas e permiten o seu desenvolvemento social e demográfico, xa que crean emprego e riqueza.




Sabías que:
Galicia é líder mundial
en produción de
granito, lousa
e cuarzo.



PRODUTOS MINEIROS

OS CADERNOS, LAPIS, XABÓNS, CUBERTOS, VASOS,
COSMÉTICOS E MOITOS DOS PRODUTOS QUE USAMOS A
DIARIO NAS NOSAS VIDAS NON EXISTIRÍAN SEN MINERAIS.

Os recursos minerais son imprescindibles para numerosas actividades: a construción, a industria automobilística, aeronáutica, espacial ou naval, a electrónica, a informática, a elaboración de vidro e de cerámica, a alimentación, a farmacia, a agricultura...



casco

Petroquímicos, Ferro

guiador

Ferro, Aluminio, Titanio
ou outras aliaxes

FREOS

Aluminio, Ferro e Magnesio

cadea

Ferro, Zinc e Outros




Sabías que as augas
termais e minerais
tamén son produtos
mineiros? Galicia é líder
en España neste sector.



CO MINERAL
EXTRAÍDO DAS MINAS
OBTEMOS PRODUTOS
QUE NECESITAMOS:

**Debuxa cousas que usas todos os días
e que se fabrican con produtos que
saen dunha mina:**




MATERIAL PARA CONSTRUIR COCHES




PANEIS SOLARES



MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN



ALIMENTO PARA GANDO



MATERIAL PARA CONSTRUIR PRODUTOS INFORMÁTICOS

MINARÍA E MEDIO



A minaría, como toda actividade desenvolvida polo ser humano, produce alteracións no medio, pero case non produce residuos polo que non é mais contaminante que outras actividades como o tráfico, os residuos urbanos, a industria ou a agricultura.

Unha vez finalizada a actividade mineira, rehabilitamos a zona para devolvela ao seu uso anterior ou para darlle unha nova utilidade.



EN GALICIA TEMOS MOITOS EXEMPLOS DE REHABILITACIÓN DE ESPAZOS MINEIROS:



**ESPAZOS NATURAIS
PROTEXIDOS**
Graveira de Begonte



ESPAZOS DE LECER
Palacio da Ópera da Coruña



**ABASTECIMENTO
DE AUGA A POBOACIÓNS**
Auga do lago da mina de Meirama

AS AUTORIDADES ESTÁN ATENTAS PARA EVITAR DANOS IRREPARABLES NA NATUREZA, HAI NORMATIVAS E LEIS ESPECÍFICAS, E A APERTURA DUNHA MINA ESTÁ SEMPRE SUXEITA Á APROBACIÓN PREVIA DA ADMINISTRACIÓN.

ACTIVIDADES



Busca na internet que materiais se utilizaron para facer os seguintes edificios:



A TORRE DE HÉRCULES



MURALLA DE LUGO



CATEDRAL DE SANTIAGO

PARA DEBATER EN CLASE:
Que problemas tería a nosa sociedade se os minerais se esgotasen?

Pescuda a orixe mineral de produtos como:



Garfo



Teléfono móbil



Mobiliario da aula

Minaría Sostible de Galicia

Unha iniciativa para a promoción
do sector mineiro a través da
investigación e a divulgación

Máis información sobre a minaría de Galicia
en camaraminera.org



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

co patrocinio de:



XUNTA
DE GALICIA